

Antón Riveiro Coello

ANIMALIA



l i t e r a r i a

1950 2000

EDITORIAL GALAXIA

ANIMALIA

l i t e r a r i a

Animalia recibiu, por unanimidade, o Premio Café Dublín de Narrativa 1999. Desta volta, o xurado estivo formado por Fran Alonso, Xosé María Dobarro, Anxo Angueira e Xosé Ramón Pena, que actuou como secretario, con voz e sen voto.

Xunto cos relatos que recibiron o Café Dublín de Narrativa, esta edición inclúe ademais os relatos: "Setetraxes", "Matías Fandiño" e "Os cadros baleiros", todos eles galardoados no XXIII Concurso de Narrativa "Modesto R. Figueiredo" do Pedrón de Ouro.

Esta versión parte da 2ª edición impresa na Editoria Galaxia en 2001

1ª edición, 2000
1ª edición dixital, 2010

© Antón Riveiro Coello, 2010

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2010
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-961-0

Ilustración da capa
Arthur Hughes: *Ophelia* (fragmento)

Maqueta da colección e
deseño da cuberta
MANUEL JANEIRO

Antón Riveiro Coello

ANIMALIA



Ás miñas cativas Tania e Lorena, que me emprestaron a súa imaxinación para escribir as máis destas historias.

QUILATE

Ao Manoel Riveiro Loureiro, que me proporcionou dúas palabras para pechar dignamente este relato.

Quen primeiro o viu foi o avó Salustio que, lonxe de se axotar, tivo o acomodo inverosímil para lavar as mans e apalpar aquel grelar cegador que asomaba por entre as babas escumantes da boca.

Cando de noite acordou contar a noticia, a súa nora Susana e o seu fillo Henrique destaparon unha gargallada pola extravagante parvada que, crían, viña de dicir o vello Salustio e tamén pola expectación que creara cos prolegómenos secretos da convocatoria.

Marta, a súa muller, non precisou comprobar nada. Coñecía moi ben ao seu marido e sabía que aqueles olliños tunantes non mentían; limitouse a levar as mans á faciana para agachar o seu espanto.

Henrique examinou meticulosamente a enxiva do pequeno e dirixiuse a Salustio con ferro na ollada:

—¡Papá, cona! ¿Como non o dixo antes?

—Home, é estraño, pero non lle vexo a gravidade.

—¡Mi madriña! ¡É abraiante! —alporizouse Susana con horror e desprezo—. ¡O que hai que oír!

Como mancado polas palabras da súa nora, Salustio sentouse no mexedor e observou a trasfega histérica da familia. Non entendía aquel rebulicio. ¡Non era para tanto!

A avoa Marta mudou ao pequeno atrapalladamente, Susana buscou os papeis do médico turrando das ganas de chorar e Henrique foi sacando o coche do garaxe. E cando todos lle reprochaban a súa tranquilidade dende a porta, o pobre Salustio, cunha seguranza infantil, díxolles algo que, de primeiras, os deixou adoecidos pero que días máis tarde entenderían como outro froito do seu enxeño:

—O único problema é que o rato Pérez verá medrar a súa fortuna.

O portazo deixou un resoar cavernario na sala. Salustio xa estaba afeito aos desaires de Susana. Algo na súa cabeciña non remataba por funcionar. A súa nora era ruín de vocación. Non lle abondaba con asoballar ao paparón de Henrique, senón que tamén tiranizara a Marta coa súa autoridade perversa. O día que soubo do seu embarazo, Salustio agoirou con tino que aquela muller resabida multiplicaría por dez as súas recriminacións maniáticas. E non se equivocou.

Henrique era un miñaxoia que caeu no engado dos seus cabelos dourados e fraudulentos coa mesma facilidade dun mariñeiro que chega a porto logo de nove meses embarcado.

O seu fillo pasara a vida como as páxinas dun libro, sempre a estudiar, sen se decatar de que outras cousas diferentes aos estudios pasaban polos arrabaldes da súa vida.

A Susana non lle cumpriu ningún enredo especial. Valeuse dunha torpe coquetería para lle facer perder a cabeza e o respecto polos que eran os seus pais. Fixo que consagrase todo o seu amor a aquela loura impoñen-